



Pensar fóra da caixa: o galego e as outras linguas

Pedro Basalo Bembibre¹

Recibido: 24 de novembro de 2023 / Aceptado: 17 de xaneiro de 2024

Resumo. O propósito deste artigo é refutar a visión castelancentrista, asumida por moitos galegofalantes, na que o español se erixe como único referente válido e aceptado socialmente, ben como norma e modelo de lingua culta, ben como canal de comunicación con outras persoas de fóra de Galicia. Co fin de desmontar ese prexuízo, ilústrase por medio de aspectos léxicos, gramaticais e fonolóxico-fonéticos a conexión do galego con outras linguas europeas, así como a súa utilidade á hora de aprender outros idiomas.

Palabras chave: galego; divulgación; linguas romances; linguas europeas; castelancentrismo.

[es] Pensar fuera de la caja: el gallego y las otras lenguas

Resumen. El propósito de este artículo es refutar la visión castellanocentrista, asumida por muchos gallegohablantes, en la que el español se erige como único referente válido y aceptado socialmente, bien como norma y modelo de lengua culta, bien como canal de comunicación con otras personas de fuera de Galicia. Con el fin de desmontar este prejuicio, se ilustra por medio de aspectos léxicos, gramaticales y fonológico-fonéticos la conexión del gallego con otras lenguas europeas, así como su utilidad a la hora de aprender otros idiomas.

Palabras clave: gallego; divulgación; lenguas romances; lenguas europeas; castellanocentrismo.

[en] Thinking Out of the Box: Galician and the Other Languages

Abstract. The purpose of this article is to refute the Castilian-centric view, assumed by many Galician speakers, in which Spanish is the only valid and socially accepted reference, either as a norm and model of a standard language or as a channel of communication with other people outside of Galicia. In order to dismantle this prejudice, the connection between Galician and other European languages is illustrated by means of lexical, grammatical and phonological-phonetic aspects, as well as its usefulness when learning other languages.

Keywords: Galician; Divulcation; Romance Languages; European Languages; Castilian-Centrism.

Sumario. 1. Introducción. 2. Apuntamentos de léxico. 2.1. Animais, verduras e froitas. 2.2. Partes do corpo humano e roupa. 2.3. Utensilios do fogar e partes da casa. 2.4. Vocabulario de xestión e administración. 3. Apuntamentos de gramática. 4. Apuntamentos de fonoloxía e fonética. 5. Conclusións. 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Basalo Bembibre, Pedro (2024): “Pensar fóra da caixa: o galego e as outras linguas”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 27, e104528, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.104528>.

¹ Università degli Studi di Padova, Dipartimento di Studi Linguistici e Letterari, Centro di Studi Galeghi.
Correo-e: pedro.basalobembibre@unipd.it. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-4487-2308>.

1. Introducción

Sempre que se fala de aprender galego parece que a conversa está destinada a ancorar nos tópicos da identidade (“hai que aprendelo porque é noso”) ou da utilidade inmediata (propicia unha situación privilexiada para acceder ao portugués). Así e todo, ás veces convén “pensar fóra da caixa” (*thinking out of the box*), unha metáfora que promove un xeito de pensar diferente do habitual.

Este escrito comparte as dúas premisas anteriores: o galego débese aprender por ser a lingua propia do territorio (non hai máis sabio que quen coñece e aprecia o que ten ao seu redor) e por ser útil. Agora ben, a utilidade do galego non só está na súa proximidade co portugués, senón tamén en canto lingua, en canto sistema de comunicación que amosa unha determinada forma de percibir e expresar a realidade. Velaí a cuestión: as linguas son valiosas *per se*, pola concepción do mundo que proporcionan, xa que constitúen un exercicio de empatía e enriquecemento intercultural que ensina que as cousas poden ser doutra maneira. En concreto, no caso dos que falan galego, permítelles contemplar o mundo con outras lentes distintas da visión castelanfalante.

Ademais, é preciso cuestionar unha actitude por desgraza interiorizada pola maioría dos galegos: a de tomar o castelán como medida universal das cousas, é dicir, que se asuma como natural e aceptable todo o que proveña da norma lingüística española, mentres que calquera intento por conseguir un galego depurado se tache de invento imposto e falto de autenticidade. O perigoso é que os prexuízos só van nunha dirección e non atinxen asuntos puramente lingüísticos, senón consideracións ideolóxicas e sociais que se proxectan sobre o idioma. De aí que este artigo, mediante informacións sobre o léxico, a gramática ou a fonoloxía e a fonética, se propoña demostrar como, en determinados aspectos, o galego está máis próximo ás outras linguas europeas que o castelán (que, en realidade, é o que se afasta do tronco común).

2. Apuntamentos de léxico

Pór algo en contexto facilita comprender as verdadeiras dimensións dun fenómeno. Neste sentido, recompilar o vocabulario común das linguas romances (portugués, mirandés, asturiano, leonés, aragonés, catalán, occitano, francés, italiano, sardo, siciliano, véneto, friulano, romanés etc.) e doutros idiomas europeos permite constituír unha idea máis ampla sobre a cantidade de léxico compartido e evidenciar uns vínculos dos cales non sempre hai consciencia (e que, sen dúbida, axudarían aos falantes de linguas neolatinas á hora de comunicárense entre si).

Con todo, hase de reparar en dúas cousas:

1. Tristemente, as palabras galegas que aquí se presentan na forma estándar con frecuencia deixan de usarse na fala cotiá en favor do correspondente castelanismo: **fecha* por *data*, **nutria* por *lontra*, **silla* por *cadeira* etc.
2. A variedade normativa do galego ás veces conta con dúas palabras válidas para unha mesma cousa (*firma* e *sinatura*, *gorxa* e *garganta* etc.) e, polo tanto, de coñecer a norma culta, aumentan as posibilidades de entender outras linguas veciñas que non coinciden co castelán.

Deseguido ofrécese un elenco de palabras en distintas linguas europeas² que están próximas, pola forma ou polo concepto, ao termo escollido polo galego normativo. Este léxico procede dos campos semánticos do reino animal e vexetal, do corpo humano e da roupa, dos utensilios do fogar e das partes da casa e, por último, de áreas relativas á xestión e á administración.

2.1. Animais, verduras e froitas

- Can (GAL): cão (POR), can (ARA, OCC, VEN), chien (FRA), cane (ITA, SAR), cani (SIC), cjan (FRIU), câine (ROM) || perro (ESP)

² A diverxencia entre dialectos ou escasa aceptación dun modelo estándar nalgúñas linguas minorizadas obriga a escoller entre varias posibilidades; nesos casos, óptase pola variante preferida polos dicionarios ou pola forma máis próxima ao vocábulo galego. No que concirne ao mirandés, ante a falta dunha obra de referencia, a información foi contrastada con Alfredo Cameirão, presidente da Associação de la Lhéngua i Cultura Mirandesa.

- Cogombro (GAL): cogombro (POR), cògombre (CAT, OCC), concombre (FRA), cugùmene (SAR), cucùmmaru (SIC), cocómaro (VEN), cudumar (FRIU), cucumber (ING) || pepino (ESP)
- Doniña ou donicela (GAL): doninha (POR), denozielha (MIR), denoncilla (LEO), donnola (ITA), dònola (VEN) || comadreja (ESP)
- Esquíu (GAL): esquilo (POR), squilo (MIR), esguil (AST), esguilo (LEO), esquiruelo (ARA), esquírol (CAT), esquírol (OCC), écureil (FRA), scoiattolo (ITA), ischirolo (SAR), schiráto (VEN), sghirat (FRIU), squirrel (ING) || ardilla (ESP)
- Londra ou lontra (GAL): lontra (POR, MIR, ITA, SAR), llondra (AST), lundre (LEO), llúdria (CAT), loira (ARA, OCC), loutre (FRA), lutra (SIC), lódra (VEN), lodre (FRIU) || nutria (ESP)
- Orxo ou cebada (GAL): cevada (POR), cebada (MIR, AST), ordio (ARA), ordi (CAT), òrdi (OCC), orge (FRA), orzo (ITA), orzu (SAR), òriu (SIC), vuardi (FRIU), orz (ROM) || cebada (ESP)
- Pexego (GAL): pêssego (POR), pêssego (MIR), piescu (AST), presiego (ARA), préssec (CAT), persec (OCC), pêche (FRA), pesca (ITA), prèssiu (SAR), pèsicu (SIC), pèsego (VEN), pierçul (FRIU), piersică (ROM), peach (ING), Pfirsich (ALE) || melocotón (ESP)
- Tartaruga (GAL): tartaruga (POR, ITA), tartarua (MIR), tartuga (ARA, OCC), tartaruca (SIC) || tortuga (ESP)
- Verme (GAL): verme (POR, ITA, VEN), viérbene (AST), vèrm (OCC), ver (FRA), berme (SAR), vier (FRIU), vierme (ROM), worm (ING), Wurm (ALE) || gusano (ESP)
- Vitelo ou tenreiro (GAL): vitelo (POR), bitelo (MIR), vetiello (ARA), vedell (CAT), vedèl (OCC), veau (FRA), vitello (ITA), viteddu (SIC), vedèlo (VEN), vidiel (FRIU), vițel (ROM) || ternero (ESP)

2.2. Partes do corpo humano e roupa

- Coxa (GAL): coxa (POR), coscia (ITA), còscia (SAR, SIC), cuisse (FRA), cuèissa (OCC), cuixa (CAT), cossàta (VEN), cuesse (FRIU), coápsă (ROM) || muslo (ESP)
- Enxiva (GAL): gengiva (POR, ITA, OCC), gengiba (MIR), inxiba (LEO), enxiva (AST), cheniva (ARA), geniva (CAT), gencive (FRA), gingia (SAR), zinziva (SIC), zenzíva (VEN), zenzie (FRIU), gingie (ROM) || encía (ESP)
- Gorxa ou garganta (GAL): gorja ou garganta (POR), gorja (MIR, LEO), gorxa ou garganta (AST), gòrja ou garganta (OCC), gorge (FRA) || garganta (ESP)
- Gravata (GAL): gravata (POR), cravatta (ITA, SIC), cravate (FRA), cravată (ROM), Krawatte (ALE) || corbata (ESP)
- Pulso (GAL): pulso (POR), polso (ITA), butzu (SAR), punzu (SIC), pols (FRIU) || muñeca (ESP)
- Xeonllo (GAL): joelho (POR), zinolho (MIR), chenullo (ARA), genoll (CAT), genolh (OCC), genou (FRA), ginocchio (ITA), benuju (SAR), inòcchiu (SIC), zenócio (VEN), zenoli (FRIU), genunchi (ROM) || rodilla (ESP)

2.3. Utensilios do fogar e partes da casa

- Cadeira (GAL): cadeira (POR, MIR), cadira (CAT), cadièra (OCC), cadrea (SAR), carèga (VEN), cjadree (FRIU), chaise (FRA), chair (ING) || silla (ESP)
- Caixa do correo³ (GAL): caixa de correo (POR), cassetta della posta ou cassetta postale (ITA), cassele postâl (FRIU), boîte aux lettres ou boîte à lettres (FRA), cutie postală ou cutie de scrisori (ROM), letterbox, mailbox ou postbox (ING), Briefkasten ou Postkasten (ALE) || buzón (ESP)
- Corredor (GAL): corredor (POR), corridoio (ITA), currituri (SIC), coridôr (FRIU), coridor (ROM), corridor (ING) || pasillo (ESP)

³ Neste caso (e tamén no de *ferro de pasar*) a semellanza doutras linguas co galego non está na forma, senón no concepto. Así, ‘caixa do correo’ está composto por un elemento co significado de ‘caixa’ (*cassetta*, *cassele*, *boîte*, *cutie*, *box*, *Kasten*) máis a referencia ás cartas (*letter*, *lettres*, *scrisori*, *Brief*) ou ao servizo postal (*posta*, *post*, *mail*).

- Ferro de pasar (GAL): ferro de engomar ou ferro de passar (POR), fierro de passar (MIR), fer à repasser (FRA), ferro da stiro (ITA), ferru di passari (SIC), fier di sopressâ (FRIU), fier de călcat (ROM), clothes iron (ING), Bügeleisen (ALE) || plancha (ESP)
- Grela (GAL): grelha (POR), greilha (MIR), graella (CAT), gril (FRA), griglia (ITA), grèglia (SAR), gradìghia (SIC), grèla (VEN), gridele (FRIU), grill (ING), Grill (ALE) || parrilla (ESP)


2.4. Vocabulario de xestión e administración

- Data (GAL): data (POR, MIR, AST, ARA, CAT, ITA, SAR, SIC), date (FRA, ING, FRIU), dată (ROM), Datum (ALE) || fecha (ESP)
- Enderezo (GAL): endereço (POR), indiriz-zo (ITA), indiritzu (SAR) || dirección (ESP)
- Investimento (GAL): investimento (POR, ITA), investissement (FRA), invistiment (FRIU), investiție (ROM), investment (ING), Investment (ALE) || inversión (ESP)
- Sinatura ou firma (GAL): assinatura (POR, MIR), signatura ou firma (CAT) firma (ITA), firme (FRIU), signature (FRA), semnătură (ROM), signature (ING) || firma (ESP)

3. Apuntamentos de gramática

Dentro do ámbito gramatical, un aspecto que fai coincidir o galego con outros idiomas romances é o uso xeral do artigo determinado xunto co posesivo: *o meu can, o meu cão, il mio cane, il gno cjan, su cane meu...* Ora ben, cando se trata de substantivos referidos á familia, algunhas desas linguas, como o italiano ou o sardo, non admiten o artigo, só o posesivo. Polo tanto, son incorrectas as construcións **la mia madre* e **sa mama mea*; ha de dicirse *mia madre* e *mama mea*, respectivamente. En cambio, nesta casuística, a norma do galego é máis flexible, xa que permite tanto a forma con artigo (*a miña nai*) como sen el (*miña nai*).

A teor do artigo determinado, outra cuestión interesante é o seu emprego cos nomes propios de persoa (*a María, o Xoán*). Esta práctica, desaconsellable e considerada vulgar ou rexional nas variedades estándar do español⁴, italiano⁵ ou francés⁶, é perfectamente aceptada na fala cotiá doutras linguas, como o portugués (*a Maria, o João*) ou o catalán⁷ (*la Maria, el Joan*), salvo en situacións que esixan formalidade. Tales ideas parecen extrapolar-se ao galego dende tradicións académicas foráneas ante a falta dunha análise propia e axeitada acerca deste fenómeno (Sousa 1994: 310). Sexa como for, aínda que os textos en galego estándar tenden a non utilizar o artigo, o seu uso estivo moi estendido e segue vixente no galego tradicional dalgunhas áreas (Imaxe 1).



Imaxe 1: Mapa 215 do segundo volume do Atlas Lingüístico Galego: Artigo + nome propio (ILG 2020)

Asuntos como o do artigo acompañando a un nome de persoa serven para reflectir que os falantes a miúdo atribúen consideracións sociais a certos usos lingüísticos, mais tamén que tales xuízos son alleos á gramática, pois aquilo que se sinala como vulgar nunha lingua pode ser válido (e mesmo constituír a regra gramatical) noutra.

⁴ “En la lengua culta, los nombres propios de persona se emplean normalmente sin artículo” (RAE e Asociación de Academias de la Lengua Española 2023: s.v. el §4), malia que, nese mesmo parágrafo, infórmase dun uso rexional chileno en relación cos antropónimos de muller.

⁵ “Per coloro che desiderano un punto di riferimento fisso possiamo affermare che, secondo la norma dell’italiano standard, l’articolo prima del prenome non va usato” (Setti 2021). Porén, é unha práctica común no norte de Italia, que se dá unicamente cos nomes propios femininos (*la Maria*).

⁶ Úsase o artigo cos antropónimos sobre todo nas rexións de Alsacia e da Lorena (*la Marie, le Jean*).

⁷ “En la mayoría de parlars els noms propis de persona van introduïts generalment per un article singular” (IEC 2018: § 10.3.2.).

Alén diso, o galego axuda a entender mellor a utilización de certas formas verbais nalgunhas linguas derivadas do latín. Por exemplo: o castelán emprega para o imperfecto de subxuntivo dúas formas (en principio) equivalentes: *yo fuera* ou *yo fuese*. No resto de idiomas romances non hai esa duplicidade; normalmente a única forma é a que deriva do pluscuamperfecto de subxuntivo latino (co morfema *-isse-*, como en *ego fuissem*): *eu fose*, *eu fosse*, *you fusse*, *io fossi*, *jo fos*, *jo o fos*, *mi fuse*. Isto é moi práctico nos condicionais de probabilidade porque, incluso sen coñecer a conjugación verbal, é posible deducir como funciona o mecanismo noutras linguas neolatinas:

- CASTELÁN: Si yo fuera / fuese inteligente, aprobaría el examen.
- GALEGO: Se eu fose intelixente, aprobaría o exame.
- PORTUGUÉS: Se eu fosse inteligente, passaria no exame.
- MIRANDÉS: Se you fusse anteligente, passarie l eisame.
- ITALIANO: Se io fossi intelligente, supererei l'esame.
- CATALÁN: Si jo fos intel·ligent, aprovaria l'examen.
- FRIULANO: Se jo o fos inteligjent, o passarès l'esam.
- VÉNETO: Se mi fuse inteliigente, a pasaria l'ezame.

4. Apuntamentos de fonoloxía e fonética

Por outro lado, un bo manexo da fonética, como o das vogais abertas e pechadas, sempre será de axuda á hora de aprender calquera lingua. Mais neste punto é necesario chamar a atención sobre o característico *n* velar galego, que se usa para distinguir significados como, por exemplo, *dunha* fronte a *duna*.

En xeral, todo galego (mesmo os non galegofalantes) diferencia e articula á perfección os dous sons do *n* (alveolar [n] e velar [ŋ]), só que moitas veces non é consciente; para

sabelo bastaríalle con pronunciar en voz alta a secuencia *un euro*. Quen teña fonética galega establecerá a fronteira silábica da secuencia oral da seguinte maneira: un | eu | ro, mentres que a maioría de falantes de español probablemente faga a escansión das sílabas destoutro xeito: u | neu | ro.

Esta miudeza dos dous tipos de *n* resulta pertinente en linguas como o inglés ou o alemán, pois, en posición final de palabra, serve para distinguir significados: *sun* ('sol') fronte a *sung* ('cantado'), *win* ('gañar') fronte a *wing* ('á') e *Klan* ('clan') fronte a (er) *klang* ('soou'). Os primeiros elementos de cada oposición conteñen un *n* alveolar (*sun*, *win*, *Klan*), mentres que os segundos un *n* velar (*sung*, *wing*, *klang*). Nótese, a este respecto, a vantaxe que supón articular ben o *n* velar para a pronuncia correcta da terminación *-ing* do inglés.

5. Conclusións

En definitiva, as cuestións referidas neste artigo pretenden ilustrar que calquera lingua (ata a falada por un número reducido de persoas) é útil non só pola aplicación práctica inmediata, senón por todas as portas que vai abrindo ao redor. As linguas son unha ferramenta. E, como toda ferramenta, para que sexa funcional, hai que saber como utilizala.

Para obter o máximo rendemento do galego non abonda con falar o de andar pola casa ou a propia variedade dialectal, é preciso coñecer tamén a forma culta (que corresponde á norma estándar e que conecta con outras linguas europeas). Se o galego que se manexa é simplemente unha tradución calcada do castelán, iso non constitúe un dominio eficiente, senón un apaño. O bo é que, con vontade e práctica, todo se pode mellorar. Hai quen di que para aprender unha lingua estranxeira primeiro cómpre saber ben a propia.

O galego é un instrumento moi proveitoso porque ofrece outra maneira de ver o mundo distinta do castelán. E o que ten dúas perspectivas sobre a realidade sempre terá vantaxe sobre o que ten unha soa. Indiscutiblemente.

6. Referencias bibliográficas

- Academia de la Llingua Asturiana: *Diccionariu de la Llingua Asturiana*. Oviedo: Academia de la Llingua Asturiana, <https://www.diccionariu.alladixital.org> [consulta 20/11/2023].
- Academia Romana (2009): *Dicționarul explicativ al limbii române*. Bucarest: Univers Enciclopedic Gold.
- Alcover, Antoni Maria e Francesc de Borja Moll: *Diccionari català-valencià-balear*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans, <https://dcvb.iec.cat> [consulta 20/11/2023].

- Alonso Estraviz, Isaac (dir.): *Dicionário Estraviz*. Santiago de Compostela: Associação Galega da Língua, <https://www.estraviz.org> [consulta 20/11/2023].
- Aragonario. *Diccionario castellano/aragonés aragonés/castellano*. Zaragoza: Gobierno de Aragón, <https://aragonario.aragon.es> [consulta 20/11/2023].
- Cambridge Dictionary. Cambridge: Cambridge University Press, <https://dictionary.cambridge.org> [consulta 20/11/2023].
- Carvalho, Nuno (2007): “O artigo com os nomes próprios”, *Ciberdúvidas da Língua Portuguesa* 03/05/2007, <https://ciberduvidas.iscte-iul.pt/consulitorio/perguntas/o-artigo-com-os-nomes-proprios/20428> [consulta 20/11/2023].
- Dicionário Priberam da Língua Portuguesa. Lisboa: Priberam Informática, <https://dicionario.priberam.org> [consulta 20/11/2023].
- Dicod’Oc. *Diccionari occitan*. Vilhèra: Lo Congrès Permanent de la Lenga Occitana, <https://locongres.org/oc/aplicacions/dicodoc-oc> [consulta 20/11/2023].
- Dictionnaire de français. Paris: Larousse, <https://www.larousse.fr/dictionnaires/francais-monolingue> [consulta 20/11/2023].
- Digalego. *Dicionario de Galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, <https://digalego.xunta.gal> [consulta 20/11/2023].
- Digitales Wörterbuch der deutschen Sprache. Berlin: Berlin-Brandenburgische Akademie der Wissenschaften, <https://www.dwds.de> [consulta 20/11/2023].
- Ditzionàriu in línia de sa limba e de sa cultura sarda. Cagliari: Condaghes, <https://ditzionariu.nor-web.eu> [consulta 20/11/2023].
- Dizionario Garzanti Linguistica. Milán: D Scuola, <https://www.garzantilinguistica.it> [consulta 20/11/2023].
- Durante, Dino e Gianfranco Turato (1975): *Dizionario etimologico veneto-italiano*. Padua: Erredici.
- González González, Manuel (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, <https://academia.gal/dicionario> [consulta 20/11/2023].
- Grant Dizionario Bilengâl talian-furlan. Udine: ARLeF, <https://arlef.it/grant-dizionario-bilenghe-talian-furlan> [consulta 20/11/2023].
- IEC = Institut d’Estudis Catalans (2018): *Gramàtica essencial de la llengua catalana*. Barcelona: Institut d’Estudis Catalans, <https://doi.org/10.2436/10.2500.04.1> [consulta 20/11/2023].
- ILG = Instituto da Língua Galega [@ILG_USC] (2020): “Mapa 215 do ALGa II” 27/02/2020, https://twitter.com/ILG_USC/status/1233072328914939904 [consulta 20/11/2023].
- Le Men, Janick: *Léxico del leonés actual (LLA)* (versión en liña). León: Cátedra de Estudios Leoneses, <https://lla.unileon.es> [consulta 20/11/2023].
- Meyer-Lübke, Wilhelm (1968): *Romanisches etymologisches Wörterbuch*. Heidelberg: Carl Winter Universitätsverlag.
- Piccitto, Giorgio, Giovanni Tropea e Salvatore Trovato (1977-2002): *Vocabolario siciliano* (5 volumes). Catania: CSFLS.
- Real Academia Española: *Diccionario de la lengua española* (versión 23.6 en liña). Madrid: Real Academia Española, <https://dle.rae.es> [consulta 20/11/2023].
- Real Academia Española e Asociación de Academias de la Lengua Española: *Diccionario panhispánico de dudas (DPD)* (2.ª edición, versión provisional), <https://www.rae.es/dpd> [consulta 20/11/2023].
- Rubattu, Antoninu (2006): *Dizionario universale della lingua di Sardegna*. Sassari: EDES.
- Setti, Raffaella (2021): “L’articolo prima di un prenome”, *Accademia della Crusca* 25/10/2021, <https://accademiadellacrusca.it/it/consulenza/larticolo-prima-di-un-prenome/98> [consulta 20/11/2023].
- Sousa, Xulio (1994): “O artigo cos nomes propios de persoa no galego moderno”, en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Universidade de Santiago de Compostela, 1989). VI. Sección galego*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 309-316, <http://hdl.handle.net/10347/13450> [consulta 20/11/2023].